# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15002591 | IES Monte Neme | Carballo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 24 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 26 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 27 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 27 |
| 7.2. Actividades complementarias | 28 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.
O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O planeta Terra | Os puntos cardinais e a orientación. A rede xeográfica de paralelos e meridianos, a latitude e a lonxitude. Os fusos horarios. As representacións da Terra: as proxeccións cartográficas. Os mapas e os planos. As escalas dos mapas. A técnica de traballo con escalas e coordenadas xeográficas. | 9 | 8 | X | | |
| 2 | O relevo terrestre | A estrutura e composición das diferentes capas que forman a Terra. As placas terrestres e as consecuencias dos seus movementos. A actuación das forzas internas e externas que contribúen á formación e modificación do relevo terrestre. A orixe das diferentes formas de relevo e a súa evolución. | 9 | 10 | X | | |
| 3 | Os climas da Terra | A diferenza entre tempo e clima. Os elementos do clima. A distribución xeográfica dos climas. As características xerais e as variantes dos climas cálidos, temperados e fríos. A técnica de traballo de análise e comentario de climogramas. | 9 | 10 | X | | |
| 4 | Os medios naturais | As características dos medios naturais da zona cálida (ecuatorial, tropical e desértico cálido). As características dos medios naturais da zona temperada (mediterráneo, oceánico, chinés e continental). As características dos medios naturais da zona fría e de alta montaña. O medio natural en España (oceánico, mediterráneo, canario, e de alta montaña). O medio natural en Galicia e as súas variantes. A técnica de traballo de análise e comentario de fotografías de temática xeográfica. | 9 | 10 | | X | |
| 5 | Alteración e conservación do medio natural | Os riscos causados polas alteracións atmosféricas das temperaturas, as precipitacións, os ventos. Os riscos que se orixinan nas augas dos mares polas alteracións da salinidade e temperatura. O impacto que a ocupación humana do territorio e a súa explotación provoca no medio ambiente. Algúns dos problemas máis destacados relacionados coa contaminación atmosférica, das augas e dos solos. A necesidade de xestionar solidariamente os recursos naturais. | 1 | 3 | | X | |
| 6 | Os estados do mundo | Os estados do mundo, organizados en continentes. A existencia de territorios dependentes doutros estados. | 9 | 6 | | X | |
| 7 | As sociedades prehistóricas | Aspectos destacados das actividades da humanidade durante a Prehistoria, a longa etapa anterior ao descubrimento da | 9 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | As sociedades prehistóricas | escritura. Nocións básicas sobre a evolución humana. As actividades dos cazadores paleolíticos e as dificultades para sobrevivir, así como as manifestacións da súa relixiosidade. As transformacións orixinadas durante o Neolítico polo paso dunha economía depredadora a outra produtora e as consecuencias derivadas destes cambios revolucionarios. As características e extensión do fenómeno megalítico en Europa, con especial referencia aos megálitos galegos. A cultura castrexa prerromana do noroeste. A técnica de elaboración de eixes cronolóxicos. As técnicas de traballo que empregan os arqueólogos para coñecer mellor o pasado. | 9 | 10 | | X | |
| 8 | As primeiras civilizacións. Exipto e Mesopotamia | Os trazos comúns das primeiras civilizacións históricas xurdidas nas beiras de grandes ríos con inundacións periódicas: Nilo, Éufrates, Tigris, Indo e Huang He. Os cambios sociais, económicos, políticos e culturais que se orixinaron como consecuencia da aparición das primeiras cidades. O papel desempeñado por unha nova forma de comunicación, a escritura, e o tipo de signos empregados. Os elementos máis representativos da civilización do Exipto faraónico. A organización das cidades-estado mesopotámica e a formación dos imperios que, sucesivamente, dominaron a zona. As características da arte exipcia e mesopotámica, así como a súa significación e finalidade. A técnica de traballo de análise e comentario de imáxes de contido histórico. | 9 | 10 | | X | |
| 9 | A Hélade | As características xerais das polis gregas. As causas da colonización das polis gregas e as principais áreas desa expansión. As bases do sistema democrático ateniense e dos sistema oligárquico espartano. O dominio político, militar e cultural de Atenas na época de Pericles. As rivalidades entre as cidades gregas, prestando especial atención ao enfrontamento entre Atenas e Esparta. A formación e expansión do Imperio de Alexandre o Magno. As características e principais divindades do panteón grego. As principais manifestacións da arte grega, destacado o labor dos principais artistas. A técnica de traballo de análise e comentario de obras de arte. | 9 | 10 | | | X |
| 10 | Roma e o seu imperio | A orixe lendaria de Roma, a cidade que foi o centro dun dos grandes imperios da | 9 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10 | Roma e o seu imperio | antigüidade. A organización política dos períodos da historia da Roma antiga: monarquía, república e imperio. A evolución das conquistas territoriais ata a definitiva configuración durante o imperio. As fases da conquista de Hispania e de Gallaecia e a súa organización territorial. As dificultades internas e externas que remataron coa división do imperio e a toma de Roma polos bárbaros. A técnica de traballo de análise e comentario de documentos escritos, mapas históricos, e imaxes de contido histórico. | 9 | 10 | | | X |
| 11 | A civilización romana | Os trazos dunha civilización fundamentalmente urbana. A composición e función dos grupos sociais da civilización romana. As principais actividades económicas. As características da relixión romana, as principais divindades e os ritos de culto. As principais achegas culturais que a civilización europea herdou do legado romano. As manifestacións das artes plásticas, destacando o sentido práctico e monumental  da súa arquitectura. Os trazos da cultura galaicorromana como exemplo da romanización sobre as sociedades indíxenas. A técnica de análise e comentario de mapas históricos, documentos escritos, e imaxes de contido histórico ou artístico. | 9 | 10 | | | X |
| 12 | Pobos bárbaros e reinos xermánicos | Os grandes movementos dos pobos bárbaros en Europa como consecuencia da presión de pobos que se desprazaban desde Asia. As medidas adoptadas polos romanos para conter a presión que os bárbaros exercían sobre a fronteira norte do imperio. A desmembración da unidade política do imperio romano de occidente como consecuencia da entrada masiva de pobos xermanos no seu territorio, que deron lugar ao nacemento de novos reinos. Os trazos da conquista e asentamento dos xermanos na península ibérica, prestando atención aos reinos dos suevos e dos visigodos. O mantemento do imperio romano de oriente e os proxectos do emperador Xustiniano para reconstruír a unidade política en torno ao mediterráneo. A técnica de traballo de análise e comentario de mapas históricos, documentos escritos e imaxes de contido histórico. | 9 | 8 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O planeta Terra | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas. É quen de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe interpretar a lenda dos mapas. | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográficas. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de expor a información básica contida nun mapa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | O relevo terrestre | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Distingue as principais formas do relevo terrestre. É quen de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sitúa nun mapa as principais formas do relevo terrestre, prestando especial atención ao europeo. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sabe interpretar a lenda dun mapa físico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. |
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. |
| - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Os climas da Terra | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece os principais climas da Terra. É quen de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Ubica xeográficamente os principais climas da Terra. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sabe analizar e comentar un climograma. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Os medios naturais | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece os principais medios naturais da Terra. É quen de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Ubica xeográficamente os principais medios naturais da Terra e os relaciona coa distribución de climas. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sabe analizar e comentar fotografías de temática xeográfica. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | Alteración e conservación do medio natural | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Coñece algúns dos problemas máis destacados relacionados coa contaminación atmosférica, das augas e dos solos. | PE | 100 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece os riscos causados polo exceso ou ausencia de precipitacións, fortes ventos, ou alteración nas augas dos mares. É quen de facer unha síntese da información traballada na clase. | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Coñece o concepto de Desenvolvemento sustentable e a política dos Tres R | | |
| CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal. | Identifica actitudes favorecedoras do desenvolvemento sustentable. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. |

| Contidos |
|---|
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Os estados do mundo | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece as principais capitais mundiais. | PE | 100 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sitúa nun mapa político os principais estados de cada continente | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | As sociedades prehistóricas | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Elabora eixes cronolóxicos | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Identifica e responde preguntas sobre fontes históricas tales como obxectos arqueolóxicos. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Comenta mapas e fotografías sobre os contidos | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Recoñece o valor patrimonial dos obxectos materiais conservados e a importancia da súa conservación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. |

| Contidos |
|---|
| - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | As primeiras civilizacións. Exipto e Mesopotamia | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñece as características básicas da sociedade exipcia | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Distingue as características comúns das Civilizacións Fluviais | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Valora o legado material das Civilizacións Fluviais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A Hélade | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Entende a importancia de Grecia para o desarrollo da democracia como sistema político. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos e obxectos arqueolóxicos. | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos e obxectos arqueolóxicos. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñece as características básicas do sistema social. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe as características básicas da Hélade. | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega. | | |
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. | Coñece a situación dos escravos e extranxeiros na sociedade grega | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Coñece a situación da muller na sociedade grega | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Roma e o seu imperio | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Identifica as causas do desmoreamento do Imperio Romano | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos | | |
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Coñece a integración de Gallaecia no Imperio romano e o proceso de romanización | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñece as características básicas do sistema social | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe as etapas da historia de Roma, identificando os seus sistemas de goberno. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea. | | |
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. | Coñece a situación das mulleres e escravos na sociedade romana. | | |
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. | Identifica os prexuízos eurocentristas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. |

| Contidos |
| --- |
| - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 11 | A civilización romana | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe e identifica as características básicas da civilización romana | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus |

| Contidos |
|---|
| - procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.<br>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Pobos bárbaros e reinos xermánicos | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de facer unha síntese da información traballada na clase. | PE | 100 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega adecuadamente o vocabulario propio da materia. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Coñece as características básicas do Reino Suevo. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñece as características básicas do sistema social | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Coñece as características básicas dos pobos xermánicos, e localiza o seu asentamento en Europa tras a caída do Imperio Romano. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Expresa razoadamente o concepto pexorativo de bárbaro empregado polo mundo romano. | | |
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. | .Comprende o papel protagonista do guerreiro fronte ás mulleres. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. |

| **Contidos** |
| --- |
| - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.
Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.
A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.
O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.
O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado.
Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.
Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)
Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.
O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto Brea Pereira, A. e Romero Masiá, A. (2011): "Sociais. 1º E.S.O.", Bahía Edicións, A Coruña. |
| Empregarase como material de traballo, resumes esquematizados elaborados polo profesor, mapas, textos xeográficos e históricos, así como presentacións proxectadas na clase coas que se apoiarán os coñecementos impartidos. |
| Caderno de traballo do alumno. |

Consideramos o libro de texto un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso, ofrecendo diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregarase material complementario, incluso elaborado polo docente tal e como se indicou.
O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación.
As presentacións que recollen o material traballado no aula, serán colgado na Aula Virtual do centro para facilitar a súa consulta ao alumnado. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliables, e comunicarse co alumnado.
Pode dispoñerse de Xogos sobre feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.
En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.
Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado. Así mesmo permitirá valorar as súas diferenzas académicas para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.
Dita avaliación inicial consistirá en exercicios escritos de diferente índole na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos.
Estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 9 | 9 | 9 | 1 | 9 | 9 | 9 | 9 | 9 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 9 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

Nas tres avaliacións trimestrais do curso serán realizadas varias probas escritas. A media aritmética da puntuación obtida nestas probas suporá o 90% da cualificación final de cada unha das tres avaliacións citadas. Estas probas puntuaranse numericamente de 0 a 10. O 10% restante da nota destas tres avaliacións, corresponderá a un ou varios traballos obrigatorios cualificados igualmente de 0 a 10 puntos. Estes traballos constarán de preguntas tipo test, e serán realizados a través da Aula Virtual. A non realización dos traballos suporá a cualificación de 0 puntos nos mesmos.
Considérase que o alumnado supera a avaliación cando acade unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
A obtención dun 0 nalgunha das probas escritas, implicará de xeito automático e independentemente do resultado da media aritmética da mesma, a cualificación de suspenso na avaliación trimestral. Así mesmo non se fará media aritmética con aquelas probas escritas que sexan cualificadas con un valor igual ou menor a 2,5 puntos. Con esta última medida trátase de evitar o rendemento irregular daquel alumnado que pretenda compensar as cualificacións baixas coas altas. Nestes dous supostos, o alumno ou alumna obterá como nota media da avaliación correspondente, unha puntuación que oscilará entre un máximo de 4 puntos, e o obtido segundo o criterio xeral.
No caso de que as medias aritméticas realizadas en calquera das avaliacións, non teñan como resultado un número enteiro, redondearase á baixa por debaixo de 0,7 decimais e á alza dende 0,7 ou igual. Sen embargo, desta norma xeral exceptúanse aquelas medias que dean como resultado valores iguais ou maiores de 4 puntos e menores a 5. Nestes supostos o redondeo realizarase sistematicamente á baixa, dado que tal e como foi sinalado ao principio do apartado, a superación da avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
É importante indicar que o proceso de avaliación continua obriga ao alumnado a ter presentes os coñecementos adquiridos desde a primeira avaliación; en consecuencia, en cada avaliación o profesorado poderá realizar o control non só dos contidos correspondentes á mesma, senón que tamén poderá volver sobre os contidos básicos específicos das avaliacións precedentes.
Por outra parte e como medida correctora que tenda a interesar ao alumnado na mellora de aspectos referidos á expresión oral e escrita (faltas de ortografía, ausencia de acentuación e puntuación, deficiente estruturación da redacción, mesturas idiomáticas, falta de rigorosidade e tendencia ao uso da linguaxe coloquial, incorreccións gramaticais, frases sen sentido ou contraditorias, etc.), poderanse penalizar tales erros cunha baixada da nota de cada proba segundo o establecido nas rúbricas de avaliación. Así mesmo non serán tidas en conta na puntuación xeral das probas escritas, aquelas partes das mesmas que non poidan ser lidas a causa dunha deficiente caligrafía que dificulte ou impida a súa lectura ou comprensión.
Respecto a avaliación final, a cualificación obterase a partir da media aritmética das tres avaliacións do curso, seguindo o sistema de redondeo establecido en parágrafos anteriores.
Perda do dereito á avaliación continua. Aqueles alumnos que polo o seu número de faltas de asistencia ás clases ou exames, perdesen o dereito á avaliación continua, deberán presentarse a un exame final en xuño. Esta proba abranguerá todos os contidos do curso, e suporá o 100% da cualificación.
OBSERVACIÓNS:
Se algún alumno non pode asistir ás probas escritas ou á realización dos traballos tipo test por diversas causas como accidente, enfermidade ou outras causas de forza maior, o profesor -sempre que estas ausencias sexan notificadas e xustificadas oficialmente- realizará por defecto a proba correspondente, o primeiro día da incorporación do alumno ao centro. De xeito excepcional e a petición razoada do alumno, feita con antelación á incorporación deste ao centro,

poderá pospoñer dita proba a unha data que sexa establecida de común acordo entre o profesor e o alumno.
A non comparecencia nunha proba escrita ou a non realización do traballo tipo test cualificarase cun cero, no caso de que non poida ser xustificada.
No caso de que o profesorado detecte algunha irregularidade na realización das probas de avaliación (uso de "chuletas", actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento e/ou medio técnico), dita proba será cualificada con 0 puntos. Co obxectivo de asegurar a limpeza da realización dos exames, prohíbese de forma terminante que o alumno teña consigo o móbil durante o tempo da proba. A transgresión desta norma suporá unha cualificación automática da proba con 0 puntos.
As datas dos exames serán establecidas de común acordo entre a profesora e o alumnado, só no caso de que o alumnado non conseguira fixar unha data de forma acordada, esta será finalmente determinada pola profesora. As datas dos exames, unha vez establecidas, non poderán ser modificadas en razón da existencia doutros exames ou da excesiva carga de traballo. O obxectivo desta norma responde á necesidade de que o alumnado se faga responsable das súas decisións, non prexudique a outros compañeiros, e aprenda a planificar e organizar o seu traballo.

**Criterios de recuperación:**

Con posterioridade á notificación da cualificación de cada avaliación trimestral, e se é necesario, o profesor articulará unha proba escrita de recuperación que será obrigatoria para aqueles alumnos que non acadaran unha avaliación positiva. Nesta proba e independentemente da relación de exames aprobados ou suspensos durante a avaliación, o alumnado deberá examinarse de toda a materia impartida no trimestre correspondente. De cara á realización da media da avaliación final, a nota máxima que o alumnado poderá acadar nesta proba de recuperación será de 5 puntos. Esta proba de recuperación será opcional para aqueles alumnos que superaron o trimestre, e a diferenza dos anteriores, estes alumnos sí poderán acadar máis de 5 puntos, podendo así subir a nota da citada avaliación trimestral.
Nestes criterios de recuperación seguirase o establecido nos criterios de cualificación respecto á forma de facer o redondeo das notas medias, as consideracións feitas sobre a redacción, así como o recollido no apartado de observacións.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os contidos das materias pendentes pasarán a ser divididos en tres bloques que se traballarán e avaliarán por separado, facéndose corresponder coas tres avaliacións trimestrais. En cada bloque, o alumnado deberá realizar un traballo e unha proba escrita en datas establecidas de común acordo pola profesora e o alumnado. O traballo e a proba escrita puntuaranse numericamente de 0 a 10. A cualificación das citadas probas escritas suporán o 40% da cualificación de cada bloque, e o 60% corresponderá ao traballo. A cualificación da avaliación final obterase a partir da media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos tres bloques. Considérase que o alumnado supera a avaliación cando acade unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
A data límite de entrega de cada bloque de exercicios será a mesma data na que se fai o exame do bloque correspondente. Estas datas fixaranse de acordo coa dispoñibilidade da profesora e dos intereses do propio alumno.
A obtención dun 0 nalgunha das probas (traballo e/ou proba escrita), implicará de xeito automático e independentemente do resultado da media aritmética da mesma, a cualificación de suspenso no bloque correspondente. Neste suposto, o alumno obterá como nota media do bloque correspondente, unha puntuación que oscilará entre un máximo de 4 puntos, e o obtido segundo o criterio xeral.
Nos citados traballos será valorada positivamente a redacción orixinal do traballo por parte do alumno, na que poña de relevo a súa capacidade de razoamento, análise e síntese. Será valorada negativamente a simple copia literal dos esquemas, do libro ou doutro tipo de fontes como poden ser as páxinas web. Así mesmo será penalizado cunha puntuación de 0 puntos, aqueles traballos nos que se advirta que son copia dos doutros compañeiros. De ser este o caso, todos os traballos que se atopen nesta situación irregular, serán cualificados con 0 puntos. Tanto no traballo como na proba escrita penalizarase cunha baixada da cualificación as faltas de ortografía, ausencia de acentuación e puntuación, deficiente estruturación da redacción, mesturas idiomáticas, falta de rigorosidade e tendencia ao uso da linguaxe coloquial, incorreccións gramaticais, frases sen sentido ou contraditorias, etc. Así mesmo non serán tidas en conta na puntuación xeral do traballo e das probas escritas, aquelas partes das mesmas que non poidan ser lidas a causa dunha deficiente caligrafía que dificulte ou impida a súa lectura ou comprensión (no caso de ser admitidos traballos manuscritos).
No caso de que a media aritmética obtida dos tres bloques, non teña como resultado un número enteiro, redondearase á baixa por debaixo de 0,75 decimais e á alza dende 0,75 ou igual. Sen embargo, desta norma xeral exceptúanse aquela media que dea como resultado valores iguais ou maiores de 4 puntos e menores a 5. Nestes

supostos o redondeo realizarase sistematicamente á baixa, dado que a superación da avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
É importante indicar que o proceso de avaliación continua obriga ao alumnado a ter presentes os coñecementos adquiridos desde o comezo do curso; en consecuencia, en cada bloque o profesorado poderá realizar o control non só dos contidos correspondentes ao mesmo, senón que tamén poderá volver sobre os contidos básicos específicos dos bloques precedentes.
No caso de que o alumno non acade unha avaliación positiva pola vía descrita nas liñas anteriores, terá a oportunidade de realizar unha proba final da materia pendente, no que será avaliada toda a materia do curso, e da que se obterá o 100% da cualificación.
OBSERVACIÓNS:
Se algún alumno non pode asistir ás probas escritas ou entregar en prazo o traballo por diversas causas como accidente, enfermidade ou outras causas de forza maior, o profesor -sempre que estas ausencias sexan notificadas e xustificadas oficialmente- realizará por defecto a proba/traballo correspondente, o primeiro día da incorporación do alumno ao centro. De xeito excepcional e a petición razoada do alumno, feita con antelación á incorporación deste ao centro, poderá pospoñer dita proba ou entrega do traballo a unha data que sexa establecida de común acordo entre o profesor e o alumno.
A non comparecencia nunha proba escrita ou a non realización do traballo cualificarase cun cero, no caso de que non poida ser xustificada.
No caso de que o profesorado detecte algunha irregularidade na realización das probas de avaliación e/ou traballo (uso de ¿chuletas¿, actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento e/ou medio técnico), dita proba/traballo será cualificado con 0 puntos. Co obxectivo de asegurar a limpeza da realización dos exames, prohíbese de forma terminante que o alumno teña consigo o móbil durante o tempo da proba. A transgresión desta norma suporá unha cualificación automática da proba con 0 puntos.
As datas dos exames e entrega do traballo serán establecidas de común acordo entre a profesora e o alumnado, só no caso de que o alumnado non conseguira fixar unha data de forma acordada, esta será finalmente determinada pola profesora. As datas dos exames e entrega dos traballos, unha vez establecidas, non poderán ser modificadas en razón da existencia doutros exames ou da excesiva carga de traballo. O obxectivo desta norma responde á necesidade de que o alumnado se faga responsable das súas decisións, non prexudique a outros compañeiros, e aprenda a planificar e organizar o seu traballo.
É responsabilidade do alumno ou alumna coa materia pendente doutros cursos, poñerse en contacto coa profesora do departamento que o avalía para solucionar calquera dúbida ou cuestión respecto dos contidos da materia, ou sobre a forma de recuperar a materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Adoptaranse medidas de enriquecimento curricular para aquel alumnado de altas capacidades que así o precise.
Para aquel alumnado que necesite unha adaptación curricular, adoptaranse criterios específicos que implicarán a adaptación de obxectivos, criterios de avaliación e/ou contidos, así como procedementos e instrumentos de avaliación, de modo que se incidirá unicamente naqueles considerados básicos en cada unidade, ou os apropiados ao nivel no que se atopa o alumno.
Na aplicación das adaptacións curriculares seguirase en todo momento as directrices establecidas polo Departamento de Orientación.
Cando o progreso dun alumno non responda aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo. Desta norma xeral exceptúanse aqueles casos nos que o alumno non acada os citados obxectivos, a causa da insuficiencia do traballo realizado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación ambiental | X | X | X | X | X | | | |
| ET.2 - Educación para igualdade | | | | | | | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.3 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Obxectivos do desenvolvemento sostible | | | | | X | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación ambiental | | | | |
| ET.2 - Educación para igualdade | X | X | | |
| ET.3 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.4 - Obxectivos do desenvolvemento sostible | | | | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Non programada | Non programada | | | |

**Observacións:**

No nivel correspondente a 1º da ESO, o departamento de Xeografía e Historia non ten programadas actividades complementarias ou extraescolares propias para o vindeiro curso. Independentemente do anterior, o noso departamento prestará a súa colaboración a aquelas actividades programadas por outros departamentos que así nolo soliciten.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Cómputo do alumnado que supera ou non a materia |
| Seguimento da programación segundo a temporalización |

**Descrición:**

Empregaranse os indicadores de logro sinalados para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para revisar e avaliar a aplicación das programacións didácticas, realizarase mensualmente unha reunión do Departamento, no que se realizará seguimento da programación por cada profesor e materia impartida, principalmente no referido á temporalización, contidos ou porcentaxe de alumnos que acadan ou non os obxectivos establecidos.
No caso de que se dea un desfase importante nalgún grupo entre a temporalización programada e a conseguida realmente, ou unha porcentaxe chamativa de alumnos que non acadan unha cualificación igual a superior a 5 puntos, o Departamento analizaría as circunstancias e características do alumnado, co obxectivo de atopar solucións. As medidas tomadas ao respecto, serán rexistradas na correspondente acta de departamento.

## 9. Outros apartados